

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	Félix Muriel	Rianxo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia	2022/2023	7	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA CARMEN TEIJIDO LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O presente documento contempla a programación didáctica do módulo profesional de Organización da atención ás persoas en situación de dependencia. Dita programación, está dirixida a alumnado matriculado en réxime ordinario no Ciclo Medio de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, pertencente á familia profesional de Servizos socioculturais e á comunidade.

No que respecta á súa aplicación, está deseñada para executarse no curso académico 2022-23, cunha duración total de 123 horas lectivas que se traducen en 148 sesións de 50 minutos. A súa finalidade é actuar como guía da acción educativa, adecuando o proceso de ensinanza ao contexto do centro e á realidade da aula, sen perder como referencia os obxectivos e competencias establecidas no Decreto 226/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo. Ademais, na contorna do centro educativo existen numerosas entidades do 3º sector de acción social que acollen ao noso alumnado na FCT e que son potenciais nichos de emprego para as e os recién tituladas.

Perfil profesional do título:

O título abrangue 3 cualificacións profesionais, que albergan a súa vez varias unidades de competencia:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais
- Xestión de chamadas de teleasistencia

O logro de tales competencias facultará ao alumnado para o exercicio profesional na prestación de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. A este respecto, destácanse como ocupacións máis salientables:

- Coidador ou coidadora de persoas en situación de dependencia en diferentes institucións e/ou domicilios.
- Coidador ou coidadora en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor ou Xerocultora.
- Governante e subgobernante de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Traballador/a familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/a de teleasistencia.

Con respecto á perspectiva do título no sector, cabe sinalar que as medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable. A diminución de coidadores informais no ámbito familiar redundará tamén nunha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.

Competencia xeneral

A competencia xeral a acadar con este título é atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos. (art.4).

Competencias profesionais, persoais e sociais relacionadas co módulo:

- Determinar as necesidades asistenciais e psicosociais da persoa en situación de dependencia mediante a interpretación da información obtida acerca da persoa a través do plan de atención individual, respectando a súa confidencialidade.
- Organizar as actividades de atención ás persoas en situación de dependencia, favorecendo a súa colaboración e a da familia, e tendo en conta

as directrices establecidas no plan de atención individualizada.

- i) Aplicar medidas de prevención e seguridade tanto para as persoas en situación de dependencia como para o persoal profesional, en distintos ámbitos de intervención.
- m) Realizar tarefas de acompañamento e asistencia persoal, respectando as directrices do plan individual de vida independente e as decisións da persoa usuaria.
- n) Asesorar as persoas en situación de dependencia, as familiares e o persoal coidador non formal, proporcionándolles pautas de actuación no coidado e na atención asistencial e psicosocial, e adecuando a comunicación e as actitudes ás características das persoas interlocutoras.
- ñ) Resolver as continxencias con iniciativa e autonomía, amosando unha actitude autocrítica e procurando alternativas para favorecer o benestar das persoas en situación de dependencia.
- o) Colaborar no control e no seguimento das actividades asistenciais, psicosociais e de xestión domiciliaria, cubrindo os rexistros oportunos, manexando as aplicacións informáticas do servizo e comunicando as incidencias detectadas.
- r) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con outros profesionais no contorno de traballo.
- t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- u) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas, no contexto laboral e no ambiente.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Benestar social e atención á dependencia	Marco legal da atención ás persoas en situación de dependencia. Modelos e servizos de atención.	30	20
2	Atención ás PSD	Equipamentos para a atención ás persoas en situación de dependencia. O equipo interdisciplinar. O papel do TAPSD nos equipos interdisciplinares	28	18
3	Dependencia e calidade de vida	Materia relativa á temática da promoción da vida independente	30	20
4	A organización da intervención	Métodos de traballo na atención ás PSD. O PAI. A necesidade de organizar a atención.	28	22
5	Organización dos recursos e accesibilidade	A importancia do entorno na autonomía e, entre outros aspectos, a organización de espazos e a accesibilidade.	31	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Benestar social e atención á dependencia	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Comparouse a normativa en materia de atención ás persoas en situación de dependencia nos ámbitos comunitario, estatal, autonómico e local.
CA1.1.1 Identifícaronse as estratexias europeas en materia de dependencia
CA1.1.2 Analizouse a normativa básica a nivel estatal e autonómico na atención ás persoas en situación de dependencia
CA1.1.3 Identifícaronse as competencias de cada Administración da atención a persoas en situación de dependencia
CA1.2 Descríbense os modelos e os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.2.1 Diferenciáronse os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia
CA1.2.2 Descríbense os principios que rexen a atención ás persoas en situación de dependencia
CA1.3 Identifícaronse os requisitos e as características organizativas e funcionais que deben cumprir os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.

4.1.e) Contidos

Contidos
Marco legal da atención ás persoas en situación de dependencia: ámbito europeo, estatal, autonómico e local.
Estratexias europeas de atención ás persoas en situación de dependencia
Lexislación estatal e autonómica de atención ás persoas en situación de dependencia
Atribución de competencias de cada Administración na atención ás persoas en situación de dependencia.
Modelos e servizos de atención ás persoas en situación de dependencia. Principios que rexen a atención ás persoas en situación de dependencia. Sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD): finalidade, prestacións e servizos. Rede de servizos
SAAD: definición e finalidade
Prestacións e servizos do SAAD
Carta de servizos autonómica para a atención ás persoas en situación de dependencia
Centros, servizos e unidades de referencia no ámbito estatal
Descrición dos recursos e servizos de atención as PSD
Principios de atención ás PSD dende os Servizos Sociais



Contidos

Equipamentos para a atención ás persoas en situación de dependencia: requisitos, organización e funcionamento.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Atención ás PSD	28

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Descríbense as estruturas organizativas e as relacións funcionais tipo dos equipamentos residenciais dirixidos a persoas en situación de dependencia.
CA1.5 Descríbense as funcións, os niveis e os procedementos de coordinación dos equipos interdisciplinares dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.5.1 Descríbense as funcións dxs compoñentes do equipo interdisciplinar
CA1.5.2 Identifícanse estratexias de coordinación e comunicación nos equipos interdisciplinares
CA1.6 Identifícanse os recursos humanos necesarios para garantir a atención integral das persoas en situación de dependencia.
CA1.7 Identifícanse as funcións do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia no equipo interdisciplinar das institucións e nos servizos para a atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.7.1 Identifícanse as funcións do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia nos equipos interdisciplinares
CA1.7.2 Identifícanse boas prácticas no coidado das persoas en situación de dependencia
CA1.8 Argumentouse a importancia dun equipo interdisciplinar na atención ás persoas en situación de dependencia.

4.2.e) Contidos

Contidos
Equipo interdisciplinar nos servizos de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia: composición, funcións, niveis e procedementos de coordinación.
Características do traballo interdisciplinar nos equipos de atención a persoas en situación de dependencia
Valoración da importancia do traballo interdisciplinar na atención a persoas en situación de dependencia
Papel do persoal técnico en atención ás persoas en situación de dependencia nos equipos interdisciplinares.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Dependencia e calidade de vida	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal.	NO
RA2 - Organiza a intervención coas persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as estratexias en función das súas características e das directrices do programa de intervención.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense os modelos e os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.2.3 Descríbiuse o movemento de vida independente
CA2.7 Descríbense os principios metodolóxicos e as pautas de actuación do persoal técnico nas tarefas de apoio para a vida independente.
CA2.7.1 Descríbense concepto e proceso de elaboración do plan de vida independente
CA2.7.2 Descríbiuse a metodoloxía de actuación dxs asistentxs personais en distintos contextos
CA2.8 Argumentouse a importancia de respectar os principios de promoción da vida independente e as decisións das persoas usuarias.

4.3.e) Contidos

Contidos
Institucións e organismos relacionados coa cultura de vida independente. Programas de apoio á vida independente e promoción da participación social.
Descrición da filosofía de vida independente e os seus principios
Plan individual de vida independente: características, elementos constitutivos e persoas que interveñen.
Respecto polas decisións das persoas usuarias no desenvolvemento e aplicación do PVI
Apoio persoal para a vida independente.
Apoio persoal no ámbito escolar.
Funcións e tarefas do asistente persoal: metodoloxía de traballo; principios e pautas de actuación.
Destrezas e habilidades dx asistentx persoal

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A organización da intervención	28

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza a intervención coas persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as estratexias en función das súas características e das directrices do programa de intervención.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as estratexias de intervención para o desenvolvemento das actividades de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA2.1.1 Descríbiuse o modelo de atención centrada na persoa
CA2.1.2 Diferenciouse o modelo de ACP do modelo tradicional de atención centrado no recurso ou servizo
CA2.1.3 Aplícanse os principios e criterios de intervención do modelo de atención centrada na persoa
CA2.2 Interpretáronse correctamente as directrices, as estratexias e os criterios establecidos nun plan de atención individualizado.
CA2.2.1 Determináronse directrices de atención aplicando o modelo de ACP
CA2.3 Determináronse as intervencións que cumpra realizar para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir dos protocolos de actuación da institución correspondente.
CA2.3.1 Determináronse as actuacións das/os TAPSD en función dun protocolo establecido
CA2.4 Seleccionáronse estratexias para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir das súas características e do plan de atención individualizado.
CA2.5 Seleccionáronse métodos de traballo adaptados aos recursos dispoñibles e ás especificacións do plan de traballo ou de atención individualizado.
CA2.6 Estableceuse a secuencia das actividades e as tarefas atendendo ás necesidades da persoa en situación de dependencia e á organización racional do traballo.

4.4.e) Contidos

Contidos
Métodos de traballo na atención ás persoas en situación de dependencia. Metodoloxía de intervención. Estratexias de intervención en función das características da persoa usuaria e do servizo. Protocolos de recepción e acollemento. Observación na promoción
0Xustificación da necesidade de organización da intervención.
Metodoloxía da intervención na atención ás PSD: a atención centrada na persoa. Diferenzas coa atención centrada no servizo ou recurso
Os equipos de atención na ACP. O equipo de apoio cotiá e o profesional de referencia
Aplificación dos principios e criterios de intervención dende a ACP
A actuación da/o TAPSD
Plan de atención individualizado: características, elementos constitutivos, profesionais que interveñen, distribución de tarefas, horarios e quendas.
Descríbense estratexias de actuación individualizadas en función da ACP
Plan de traballo do profesional.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Organización dos recursos e accesibilidade	31

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza os recursos necesarios para a intervención, tendo en conta a relación entre o contexto onde desenvolva a súa actividade e as características das persoas en situación de dependencia.	SI
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os factores do medio que favorecen ou iniben a autonomía das persoas na súa vida cotiá.
CA3.2 Recoñeceuse a moblaxe e os instrumentos de traballo propios de cada contexto de intervención.
CA3.2.1 Descríbiuse a moblaxe propia dun contexto accesible
CA3.3 Acondionouse a zona para favorecer a mobilidade e os desprazamentos das persoas en situación de dependencia, así como o seu uso e a súa utilidade.
CA3.4 Identificouse a normativa en materia de prevención e seguridade para organizar os recursos.
CA3.4.1 Identifícanse os sinais necesarios para reducir ao máximo os riscos no entorno de traballo
CA3.5 Aplicáronse os criterios que cumpra seguir na organización de espazos, equipamentos e materiais para favorecer a autonomía das persoas.
CA3.6 Identifícanse as axudas técnicas necesarias para favorecer a autonomía e a comunicación da persoa.
CA3.7 Descríbense os recursos do contexto para mellorar a intervención.
CA3.7.1 Descríbense os recursos que potencian a intervención, identificándoos no contexto da PSD
CA3.7.2 Identifícanse os recursos reais e potenciais do entorno da PSD que favorecen a súa participación
CA3.8 Argumentouse a importancia de informar as persoas en situación de dependencia e as súas familias ou o persoal coidador non formal sobre as actividades programadas, para favorecer a súa participación.
CA3.8.1 Argumentouse a necesidade de informar ás PSD e ás familias dos recursos do entorno que favorezan a participación
CA4.1 Identifícanse os elementos que debe recoller a documentación básica da persoa usuaria.
CA4.1.1 Descríbense os elementos que debe recoller a documentación básica da persoa usuaria
CA4.2 Aplicáronse protocolos de recollida da información precisa para coñecer os cambios das persoas en situación de dependencia e o seu grao de satisfacción.
CA4.2.1 Descríbense técnicas e instrumentos de recollida de información
CA4.2.2 Determináanse técnicas e instrumentos axeitados para a recollida de información de cara a detección de cambios na situación individual da PSD
CA4.3 Xustificouse a utilidade e a importancia de documentar por escrito a intervención realizada.

Criterios de avaliación
CA4.4 Identifícanse as canles de comunicación das incidencias detectadas.
CA4.5 Integrouse, organizouse e actualizouse toda a documentación, para confeccionar un modelo de expediente individual.
CA4.5.1 Descríbese o procedemento e documentación necesaria para a confección dun expediente individual
CA4.6 Aplícanse criterios de actuación que garantan a protección de datos das persoas usuarias.
CA4.6.1 Valórase positivamente a importancia de garantir a protección de datos das persoas usuarias
CA4.7 Utilízanse equipamentos e aplicacións informáticas para a xestión da documentación e os expedientes.
CA4.7.1 Identifícanse aplicacións informáticas para a xestión da documentación e os expedientes
CA4.8 Valorouse a importancia de respectar a confidencialidade da información.

4.5.e) Contidos

Contidos
Instalacións e edificios destinados a persoas en situación de dependencia. Deseño arquitectónico de equipamentos destinados a persoas en situación de dependencia. Lexislación sobre requisitos de espazo dos equipamentos residenciais. Condicións e criterios Edificios destinados ás PSD: accesibilidade universal Estancias dos centros residenciais: distribución e equipamento Normativa aplicable aos equipamentos residenciais para persoas maiores
Importancia do medio na autonomía das persoas. O contexto como causa da dependencia. Factores e grao de incidencia nas actividades da vida diaria. Factores do entorno que iniben e favorecen a autonomía Recursos reais e potenciais do entorno: identificación e descrición
Moblaxe adaptada: características e tipos; materiais e instrumentos de traballo para o seu mantemento. Accesibilidade e adaptación da área para a vida independente. Accesibilidade no domicilio Accesibilidade noutras unidades de convivencia
Produtos de apoio. Normativa de prevención e seguridade. Áreas seguras. A sinalización na PR
Documentación para a organización da atención ás persoas en situación de dependencia: inventarios e protocolos para a detección de necesidades e reposición de materiais. Os inventarios de material Importancia da xestión eficaz e eficiente dos materiais e recursos
Documentos para o control do traballo: planificación de persoal, calendarios de quendas e vacacións, inventarios, e fichas de pedidos de servizos de mantemento e reposición de materiais.
Expediente individual: elementos, informes, follas de incidencia, protocolos de actuación individualizados, fichas de control de evolución, follas de seguimento sanitario, etc.
Rexistro da información: técnicas e instrumentos.

Contidos

Clasificación e arquivo da información: técnicas e instrumentos.

Formas de archivar a información

Protección de datos de carácter persoal.

Transmisión da información. Partes de incidencias. Informes de evolución. Compilación de observacións directas.

Uso de aplicacións informáticas de xestión e control.

As aplicacións para xestión e control da intervención

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Teñen a consideración de mínimos exigibles aqueles criterios de avaliación establecidos como tales no deseño das unidades didácticas desta programación. Os mínimos guiarán o proceso de avaliación ordinaria do módulo, e serán a referencia para desenvolver as probas de recuperación das partes non superadas e as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua.

A PONDERACIÓN ESTABLECIDA PARA CADA INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN ESTÁ DETERMINADA NO APARTADO CORRESPONDENTE Á AVALIACIÓN DENTRO DE CADA UD, DENTRO DESTA MESMA PROGRAMACIÓN (PESO ESTABLECIDO PARA CADA CA, AVALIADO POR UN ÚNICO INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN CADA UN, TAL E COMO RECOMENDA A NORMA)

En canto aos criterios de cualificación, sinalar que a avaliación do módulo farase en función dos CA do currículo e o peso (%) establecido para cada un no apartado de UD. Así, para acadar unha avaliación positiva no módulo, o alumnado deberá obter unha cualificación positiva (cualificación numérica igual ou maior que 5 sobre 10) en todos os CA considerados como mínimos exigibles tendo en conta o seu peso dentro da UD correspondente. Non será necesario superar as probas relacionadas con CA que non sexan declarados mínimos exigibles sempre que a nota global da UD sexa aprobado tendo en conta a ponderación dos instrumentos de avaliación.

Deste xeito, para calcular a cualificación final de módulo, ponderaranse as cualificacións obtidas nos CA dentro de cada UD, e esa cualificación será de novo ponderada segundo o peso que a propia unidade teña dentro da programación xeral (lembramos, sempre e cando os CA considerados mínimos teñan esa cualificación positiva).

A cualificación trimestral de cada alumna e alumno será a determinada pola media ponderada da cualificación obtida nas UD correspondentes a ese trimestre. A cualificación numérica das avaliacións trimestrais e a final serán en número enteiro entre 1 e 10, sen decimais.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A fase formativa da avaliación permite identificar anomalías no proceso de ensinanza e detectar precozmente os déficits na adquisición dos obxectivos por parte do alumnado para adoptar as medidas correctoras oportunas. Con todo, estas medidas resultan en ocasións insuficientes, polo que si algún alumno/a non acadar unha cualificación positiva en CAs considerados mínimos exigibles, poderá realizar actividades de recuperación das mesmas nas datas comprendidas entre a terceira sesión de avaliación parcial e a avaliación final do módulo.

Estas actividades estableceranse de forma individualizada atendendo ás capacidades do alumno/a e incluírán as modificacións metodolóxicas pertinentes para facilitar que o alumnado poida acadar os niveis mínimos esixidos. Concretaranse para cada alumno/a tomando como referencia os RAs, CAs, contidos e obxectivos non acadados, a través da realización de actividades semellantes ás propostas durante o curso e/ou unha proba escrita.

O alumnado será informado mediante un Informe de Avaliación Individualizado que incluírá as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno/a, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total en caso de faltas xustificadas, e un 15% no caso de xustificadas e non xustificadas. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o equipo docente valorarán as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación

será acorde co establecido na correspondente NOF do centro. O alumnado con PD poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos. Para informar ao alumnado, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia no módulo superen o 6% respecto da súa duración total (9 non asistencias) no que se indicará que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumulase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Producirase a perda do dereito de avaliación continua cun total de 15 faltas de asistencia non xustificadas. Acadada, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua, quedando constancia do apercibimento e a comunicación de perda na Secretaría do centro.

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá nunha proba escrita teórico-práctica que versará sobre os CAs mínimos esixibles do módulo, sendo necesario unha cualificación mínima de 5 sobre 10 en cada un deles para obter a avaliación positiva

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

O seguimento da programación SERÁ DESENVOLVIDA A TRAVÉS DA APLICACIÓN INFORMÁTICA ESTABLECIDA A TAL EFECTO POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADE TAL E COMO DETERMINA a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022-2023, que establece que "os centros (...) deberán utilizar para a elaboración e o seguimento das programacións dos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a aplicación informática web de programacións (...), para as entregas, para a supervisión e comprobación (...) tamén se debe utilizar a aplicación mencionada". A docente dará conta mensualmente nas reunións de equipo docente deste seguimento. No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e deixarase o correspondente modelo de Seguimento da programación anexo o acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional .

Ao final de curso a profesora realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación da práctica docente será desenvolvida tanto de xeito continuo ao longo do proceso Recollendo información daqueles aspectos que sexa necesario mellorar para facelo no momento se a situación o permite, como o final de cada trimestre desenvolverase unha avaliación conxunta co alumnado a través dun diálogo aberto sobre o desenvolvemento do módulo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo establece o artigo 28 da Orde de 12 de xullo de 2011, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e alumna así como as súas capacidades. Nesta sesión a docente encargada da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre circunstancias, con incidencia educativa, do alumnado. O tratado nesta sesión e os acordos adoptados recolléranse nunha acta da que se entregará copia a Xefatura de Estudos, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. Esta flexibilización modular refírese ao recollido no artigo 15 desta mesma Orde, que establece que o alumnado con NEAE poderá ser autorizado para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta a establecida con carácter xeral. Esta solicitude será presentada pola Dirección do Centro, perante a Inspección Educativa.

Respecto do módulo en sí, ao inicio do curso a docente desenvolverá unha avaliación inicial para axustar a proposta educativa ao grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A intervención educativa ante as necesidades específicas de apoio educativo responderá ao principio de inclusión, o que implica contemplar a diversidade do alumnado como norma e non como medida que corresponde ás necesidades duns poucos. A este respecto, garantíranse os principios estipulados no artigo 4 do Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade: normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia. Terase tamén en conta o principio de "deseño para todos", estipulado no artigo 61 do Decreto 114/2010.

De feito, artículanse medidas para a atención da diversidade de intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe do conxunto de integrantes da aula, priorizando sempre as medidas de carácter ordinario e normalizador.

Para favorecer a atención á diversidade promúlgase a nivel organizativo unha actitude positiva na relación do profesor/a co alumnado, a interrelación do alumnado mediante diversidade de agrupamentos e traballo cooperativo, así como cambios nos elementos materiais e organizativos. As medidas a adoptar a este respecto serán:

- Adecuación da programación didáctica ao entorno e ao alumnado.
- Adecuación da organización da aula ás características do alumnado.
- Metodoloxía baseada no traballo colaborativo e titorización entre iguais.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Realización de actividades de reforzo e recuperación.
- Desenvolvemento da acción tutorial.

A metodoloxía seleccionada contará con variedade de estratexias. Se favorecerá en todas elas a experiencia directa e a reflexión, a potenciación do proceso de ensinanza- aprendizaxe horizontal e a combinación de diferentes canles expositivos. As actividades serán diversas, favorecendo a libre elección de temáticas para atender aos diferentes intereses. A avaliación será continua para poder atallar e previr posibles necesidades.

Polo tanto, o equipo docente adaptará e xustificará as programacións ás necesidades educativas do alumnado que forme o seu grupo de atención. Con todo, cando o progreso dun alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, o profesorado adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo. Estas medidas serán

individualizadas, tendo en conta as características particulares do alumno/a. Algunhas das posibles medidas a adoptar para axudar ao alumnado con dificultades son:

- Establecer claramente os obxectivos mínimos a conseguir.
- Desenvolver diversas actividades sobre un mesmo contido, variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se poñen en xogo.
- Favorecer a colocación do alumnado no lugar máis adecuado para el.
- Flexibilizar a colocación do mobiliario en caso de que poida ser de axuda.
- Propoñer traballos colaborativos e actividades en pequenos grupos

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Considérase fundamental indagar na educación en valores do alumnado, co obxectivo non só de mellorar a súa capacitación profesional se non tamén de fomentar a conciencia crítica que lle permita participar con plena liberdade na sociedade que o rodea. En consecuencia, ademais de abordar os contidos relacionados cos valores contemplados no currículo (Decreto 226/2012), esta programación abordará de xeito transversal temáticas relacionadas coa educación en valores, fomentando no alumnado un comportamento responsable, autónomo, participativo, socialmente habilidoso e respectuoso co medio.

Entre os principios que a LOMLOE establece para todo o sistema educativo está a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación; establece ademais como fins da educación a formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.

Estes principios están presentes de modo integral e transversal nesta programación didáctica, promovendo a través das diferentes actividades propostas que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsables ante os dereitos e obrigas cidadáns:

- Proposta de situacións que lle supoñan conflito ou dilema, nas que teña que reflexionar, valorar, argumentar... fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático

- Desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre mulleres e homes a través da realización de actividades baixo a perspectiva de xénero e o emprego dunha linguaxe inclusiva e non sexista.

Promoción de accións de coidado do medio ambiente e de uso racional dos recursos existentes, tendo presen tes os $\int 3 R \int$ á hora de desenvolver as diferentes actividades: reducir, reutilizar e reciclar.

- Respecto polas normas de prevención de riscos, tanto en relación aos perigos no traballo como de autocoidado.

- Educación para a competencia tecnolóxica. O alumnado utilizara as novas tecnoloxías na consulta de información técnica, nos informes, memorias e exposicións orais e escritas, promovendo un uso responsable das mesmas e valorando as novas formas de comunicación

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse, desde o módulo ou en colaboración con outros, diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Participación en charlas relacionadas coa temática do módulo.

- Visitas a centros de atención á dependencia da vila e/ou outros concellos.

- Levarase tamén a cabo a organización de actos conmemorativos de datas significativas ou tradicionais.

A programación estará aberta a novas actividades e propostas que se podan presentar ao longo do curso. Neste senso iranse facendo achegas a través do equipo docente de ciclo e será de especial importancia a celebración da Semana da Diversidade no centro que se ven celebrando dende anos anteriores en colaboración con diversas entidades da comarca e o departamento de Orientación, entre outros.

10. Outros apartados

10.1) Difusión da programación

En canto esta programación estea supervisada polo equipo directivo e Inspección educativa, a docente entregará ao alumnado un extracto desta programación a través da aula virtual, explicando claramente os criterios de avaliación e cualificación. Asimismo, unha copia na que consten os apartados mínimos necesarios para a información do alumnado quedará para consulta na web do centro.

10.2) Consideracións respecto da situación sanitaria

Debido á situación sanitaria provocada pola COVID-19, as ferramentas baseadas nas TICs acadan un maior protagonismo se cabe no proceso de ensino.aprendizaxe, consolidándose a aula virtual como ferramenta básica e necesaria para o avance deste proceso. Será labor da docente a dinamización da mesma, así como a motivación do alumnado para o seu uso.

As actividades propostas ao longo desta programación están deseñadas para ser desenvolvidas preferentemente na modalidade presencial, pero son o suficientemente flexibles para, no caso de que a situación sanitaria así o recomendase, e as autoridades educativas o decidiran, ser



adaptadas para as modalidades semipresencial ou telemática.